

**AO COIDADADO D@ RESPONSABLE
DA FEDERACIÓN/ASOCIACIÓN**

.....

Desde a nosa organización, CIG-ENSINO, consideramos que as federacións e asociacións como a que vostede representa están a desenvolver unha labor social de suma importancia, e recoñecemos o mérito que ten asumir a prestación duns servizos esenciais que as Administracións Públicas competentes teñen desatendidos e que deberían asumir, e moito máis neste momento de alarma sanitaria e social, producida polo Coronavirus (COVID-19).

Tamén somos coñecedores das dificultades polas que está a pasar este sector, as persoas usuarias, @s traballador@s afectad@s e tod@s aquel@s que asumen a responsabilidade de prestar e xestionar un servizo esencial, en xeral, sen ningún ánimo de lucro, todas elas derivadas 1º dos escasos recursos de dotación pública e 2º da grave situación actual provocada pola pandemia do COVID-19 que vos fai mais febles e impotentes para facerlle fronte cos medios materiais (de protección e prevención de riscos axeitados e suficientes) e humanos que deberades de ter e a administración dotarvos ou facilitarvos tal e como lle acabamos de esixir nun escrito mandado á Conselleira de Política Social e que vos adxuntamos.

Por estes motivos, asumindo a responsabilidade que nos corresponde como organización sindical maioritaria no sector en Galiza, facémosvos un chamamento a remarmos todos no mesmo sentido coa máxima implicación e responsabilidade, asumindo as prioridades de protección e prevención tanto dos usuari@s como dos traballadores/as do sector, os cales están a dar exemplo coa súa implicación e profesionalidade no día a día, tratando de que non decaian os servizos de atención nas residencias, baixo unhas condicións precarias, en moitos casos que nos constan, e de posibles contaxios e posteriores baixas laborais que dificultarían enormemente o servizo e incluso provocar desenlaces fatais e que debemos evitar desde xá. Esixan, na mesma liña que o fixemos nós, mais recursos á administración: económicos, humanos e materiais que eviten situacións como as que denunciámos no escrito á Conselleira e apliquémoslos na liña correcta, para que a parte social non teña que tomar medidas legais na defensa duns dereitos que se deben manter e respectar sempre, pero agora máis que nunca. Estamos a referirnos a dereitos dos traballadores/as tanto de protección, prevención, sociais, laborais e económicos evitando calquera recorte ou paso atrás(Erte)

Aproveitamos a ocasión para mandarlles un cordial saúdo.

En Santiago de Compostela, a 27 de marzo de 2020.



Asdo.: O responsable do sector da CIG-Ensino:
Henrique García Vázquez